



REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

Na Orde do 1 de decembro de 2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anúnciase a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2015/16 (ED101C) (DOG núm. 248, do 30/12/2015).

A base quinta da convocatoria establece que as solicitudes que se presenten deberán formalizarse no modelo ED101C debidamente cuberto e asinado, acompañado da documentación que se sinala na base sexta, na forma e prazos que tamén se indican.

O Gabinete Provincial de Normalización Lingüística da Coruña, órgano encargado da instrución do procedemento ao abeiro da base sétima da orde de convocatoria, revisou as solicitudes que se presentaron e a documentación achegada polos centros.

De conformidade co disposto na referida base, no caso de estaren incompletas as solicitudes, conteren erros ou de que non se achegue toda a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria, requiriranse os centros solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acompañen os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixeren, se considerará que desisten da súa petición e se arquivará o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Na devandita orde indícase que, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6.b), 60 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, os citados requirimentos de emenda realizaranse mediante a publicación na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal>

Polo exposto, acórdase

1.- Publicar na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal>, a relación de solicitudes que non están debidamente cubertas e/ou non achegan a documentación preceptiva acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. Esta relación xúntase como anexo desta publicación, coa especificación dos documentos preceptivos requiridos a cada solicitante.

2.- Facer indicación expresa a todos os centros solicitantes relacionados no anexo de que son requiridos para que no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste requirimento na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal>, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos conforme se



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Xefatura Territorial da Coruña

Edificio Administrativo de Monelos
R/Vicente Ferrer, 2-7º andar
15071 A Coruña
Tfno.: 981 184 701
xefe.territorial.coruna@edu.xunta.es

galicia

establece neste requirimento. De non o facer, considerarase que desisten da súa petición, e arquivarase o seu expediente logo da resolución que se ditará nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A Coruña, 26 de febreiro de 2016

O xefe do Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña

Luis Sánchez Rodríguez





ANEXO

Relación de solicitudes suxeitas a emenda de documentación

Nº	Expediente	Concello	NIF	Centro	Emenda
1	COPU004	AMES	S1500080E	CEIP Agro do Muíño	3
2	COPU010	AMES	S1500113D	IES do Milladoiro	1, 3
3	COPU023	ARTEIXO	S1500013F	IES de Pastoriza	3
4	COPU055	BRIÓN	Q6555582C	IES Brión	2
5	COPU058	CABANAS	Q6555028G	CEIP Eladia Mariño	3
6	COPU093	CARNOTA	Q6550053J	IES Lamas de Castelo	3
7	COPU098	CEDEIRA	Q6555456J	IES Punta Candieira	2
8	COPU100	CEE	Q6555073C	CEIP Eugenio López	3
9	COPU118	CORUÑA, A	Q6555144B	CEIP Curros Enríquez	2
10	COPU123	CORUÑA, A	Q6555446A	CEIP José Cornide Saavedra	1, 3
11	COPU124	CORUÑA, A	Q6555859E	CEIP Juan Fernández Latorre	3
12	COPU137	CORUÑA, A	Q6555098J	CEIP Sal Lence	1, 3
13	COPU139	CORUÑA, A	Q6555380B	CEIP San Francisco Javier	1, 3
14	COPU140	CORUÑA, A	Q6555595E	CEIP Sanjurjo de Carricarte	2
15	COPU141	CORUÑA, A	Q6555143D	CEIP Víctor López Seoane	1, 3
16	COPU145	CORUÑA, A	Q6555697I	CIFP Someso	2
17	COPU151	CORUÑA, A	Q6550019A	IES Agra do Orzán	1, 3
18	COPU159	CORUÑA, A	Q6555291A	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda	2
19	COPU160	CORUÑA, A	Q6555708D	IES Plurilingüe Rafael Dieste	2, 3
20	COPU163	CORUÑA, A	Q6555557E	IES Ramón Otero Pedrayo	3
21	COPU179	DODRO	Q6555827B	CPI Plurilingüe Eusebio Lorenzo Baleirón	1, 3
22	COPU182	FENE	Q6555846B	CEIP de Centeiras	3
23	COPU197	FERROL	Q6555272A	CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira	3
24	COPU206	FERROL	Q6555339H	IES de Catabois	1
25	COPU216	LARACHA, A	Q6555062F	CEIP Alfredo Brañas	2
26	COPU238	MESÍA	Q6555085G	CPI de Xanceda	2
27	COPU268	NARÓN	Q6555722E	IES Terra de Trasancos	3
28	COPU271	NEDA	Q6555853H	IES Fernando Esquíó	3
29	COPU287	OLEIROS	Q6555191G	IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas	3
30	COPU297	OROSO	Q6550054H	IES de Oroso	1, 3
31	COPU304	OZA-CESURAS	Q6555041J	CEIP Plurilingüe Bragade	3
32	COPU309	PADRÓN	Q6555076F	CEIP Flavia	1, 3



33	COPU325	POBRA DO CARAMIÑAL, A	Q6555475J	EEl Fernández Varela	1
34	COPU329	PONTECESO	Q6550048J	CRA Nosa Señora do Faro	2, 3
35	COPU362	RIBEIRA	Q6555211I	CEIP Plurilingüe de Frións	3
36	COPU363	RIBEIRA	Q6555472G	CEIP Plurilingüe de Palmeira	1
37	COPU378	SADA	Q6555798E	CEIP Sada y sus contornos	3
38	COPU398	SANTIAGO DE COMPOSTELA	Q6555520C	CEIP Pío XII	1
39	COPU411	SANTIAGO DE COMPOSTELA	Q1500277G	EOI de Santiago de Compostela	3
40	COPU416	SANTIAGO DE COMPOSTELA	Q6555837A	IES As Fontiñas	2
41	COPU437	VALDOVIÑO	Q6555056H	CPI de Atios	2

Códigos da documentación da que se solicita a emenda:

- 1.- **Anexo I:** Falta o Anexo I cuberto en todos os seus apartados e asinado pola persoa representante do centro (director ou directora) con especial atención ao código IBAN (base 5.1).
- 2.- **Proxecto asinado:** Falta unha ou as dúas sinaturas no proxecto. Abonda con achegar a última folia do proxecto asinada polo/a coordinador/a do equipo de dinamización, co visto e prace do/a director/a do centro (base 6.1).
- 3.- **Anexo II:** Falta o Anexo II cuberto en todos os seus apartados e asinado polo/a director/a do centro (base 6.2). Non esquecer encher a columna de "Material necesario para a realización das actividades" (debe ser material funxible).

A Coruña, 26 de febreiro de 2016

O xefe do Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña

Luis Sánchez Rodríguez

